



A/A

Xerente do SERGAS

Directora Xeral de RR.HH. do SERGAS

Santiago, 28 novembro de 2011

Desde CIG-Saúde temos presentado por rexistro un escrito, con data 26 de outubro de 2011, no que **SOLICITAMOS que, con carácter urxente, se reúna a Comisión de Seguimento dos acordos do 14 de marzo e do 4 de abril de 2008.**

Diante da ausencia de resposta, e en apoio a esa solicitude, PRESENTAMOS o seguinte escrito acompañado das sinaturas de enfermeiras/os e médicas/os de PAC:

Os enfermeiras/os e médicas/os de PAC, **reclamámoslle ao SERGAS o correcto cumprimento dos Acordos de PACs**, para o QUE **solicitamos que, con carácter urxente, se reúna a Comisión de Seguimento dos acordos para tratar dos seguintes temas:**

1.- **Cómputo de xornada.** Reclamamos unha interpretación correcta dos termos do acordo e a súa translación ao aplicativo informático, para rematar coa situación actual na que se penaliza aos traballadores cando teñan unha IT ou collen un permiso retribuído.

2.- **Confección de calendarios.** Reclamamos calendarios anuais elaborados coa participación das e dos traballadores e construídos con criterios de equidade. Neses calendarios, a xornada ordinaria e a complementaria deben estar claramente diferenciadas, e deben recoller necesariamente a xornada ordinaria do persoal de PAC e tódolos seus permisos.

3.- **Cumprimento do Acta do 16 de xuño.** Na súa aplicación en cada área reclamamos que, de quedar horas suficientes (1623 horas/anuais), se proceda á creación dun vinculo estable (obra e servizo) contratando persoal das listas de contratacións antes de ofertalas á voluntariedade.

4.- **Contratación de persoal das listas.** Reclamamos que se cumpran os apartados do acordo que establecen que diante dunha ausencia, o primeiro é contratar persoal das listas de contratacións.

Para unificar criterios solicitamos que á reunión da comisión de seguimento acudan os responsables de tódalas xerencias.

Miguel F. Caaveiro, 10
15703 Santiago

Teléfonos:

981 552826

981 564300

662 312958

Fax: 981 571082

Correo-e:

secretarianacional@

cig-saude.org

executiva@

cig-saude.org

Web:

www.cig-saude.org

María Xosé Abuín Álvarez

Secretaria Nacional de CIG-Saúde